**EL PROGRESO**

www.elprogreso.es

EDITA: EL PROGRESO DE LUGO S.L.
Fundado por **Purificación de Cora y Más-Villafuerte**

**Presidenta:** Blanca García Montenegro.
**Director General:** José de Cora Paradela.
**Adjunta a la Presidenta:** Blanca de Cora García-Montenegro.

**Director:** Luis Rodríguez García.
**Subdirectores:** Tito Diéguez Sánchez, Isabel González Araújo. **Redactor Jefe:** José Manuel F. Freire.
**Coordinadores:** Kari Acebo (Lugo), Froilán Varela (Comarcas), Elías Ferreiro Engroba y Francisco Abraldes Porto (Información general), Rocío Cortés Galdo (Vivir), Luis Ruiz García (Deportes) y Marta Menán (Suplementos).
**Redacción:** Miguel Olarte Lozano y Francisco García Gómez (jefes de sección), Marta Veiga, Carmen Uz, Paula Vilariño, Miriam Quiroga, María Piñeiro, Javier Rivera, Pilar García Cheda, Mar Martínez, Pablo Rodríguez, Marcos Rodríguez, Miguel Quintana, Sonja Pavlicevic, Teresa Rodríguez, Santiago Jaureguizar, María López Viñas, Sabela Corbelle, Susana Rodríguez, Ángeles F. Maira, Jesús Durán Estévez y Álvaro Meilán Pacio.
**Fotografía:** José María Álvez, José Manuel Vázquez, Xesús Ponte y Sebas Senande. **Preimpresión:** Rogelio López Rodríguez, Miguel Ángel Aira López, Ledicia López Rodríguez, Ignacio Fouz Ulloa, Víctor López Orozco, Adrián López Portomeñe, Juan Manuel Cordero Pérez, Manuel Varela Ansedes. **Informática:** Guillermo Pérez Bermejo y Ramón Saqués López. **Secretaría de Redacción:** Marta Menán. **Archivo y Documentación:** Ángel Pérez Otero y Diego Fernández Fernández.
DELEGACIONES
**A Mariña:** Alicia Carballedo, Susana López Montes, Jesús Pena, Pablo Villapol, Marita Negrelos, Isabel García Fernández, Cristina L. Felipe, Lupe F. Bouza, Iago Casal Prieto, Antonio López y José María Álvez Marciel.
**Monforte:** Luis A. Rodríguez, Javier L. Quiroga, Ana Belén Rodil, Toño Parga. **Terra Chá:** Ignacio R. Díaz, María Roca, Cristina Pérez y Cristina Arias. **Sarria:** Ana Casanova Vila y Lucía Porto.
**Edición Digital:** Ángel Vaqueiro Angueira.

**Director Financiero:** José Manuel Rouco Álvarez. **Director de Comunicación y Marketing:** José Manuel Pérez-Bouzada. **Publicidad:** Luis Barrio. **Distribución:** Alfonso Roca.

Publicación controlada por OJD

**ENTRE DOUS**

## —«Onde está Raquel?» —«She's there»

TITO DIÉGUEZ



NON ME preocupa que algúns colectivos consideren o idioma dun país como barreira en vez dun elemento imprescindible para a comunicación; nin sequera me desazona que non faga falta pasar unha proba mínima de coñecemento dunha lingua oficial para converterse en servidor dos habitantes dese territorio, como se aspiras a ser membro da sanidade alemá e non sabes nin dicir «auf Wiedersehen», «frau» ou «herr». Non, o que me desasosega é a deriva dalgunhas decisións en cuestións idiomáticas. Co esforzo que custou valorizar o galego, agora preténdese volvelo a testemuñal en vez de primalo cunha discriminación positiva por estar en inferioridade de condicións coa outra lingua da comunidade. Non se estrañen entón que dentro de pouco vaian resolver un asunto administrativo, pregunten en galego e lles respondan en inglés, que iso para vivir en Galicia si que é útil.

# Estratexias políticas

**VENTO FRESCO**

MANUEL MIRAGAIA DOLDÁN



A POLÍTICA contemporánea confórmase de xeito principal como un exercicio mediático. As últimas eleccións autonómicas galegas confírmano a través do estudo realizado polo CIS. Comprobouse a influencia na opinión pública de determinado medio de comunicación durante a campaña electoral e a propagación que nela se fixo da demagoxia barata do Audi de Touriño e doutras chorradas. Tamén habería que contar o da presunta imposición dos mandilóns das galescolas e do decreto do galego. En tempos nos que unha chea de persoas sofren as consecuencias da crise, os estrategas electorais da rúa Xénova pensaron que había que atacar ao bipartito acusándoo de malgasto e ostentación. Por suposto que tamén había que suxerir un ataque ás liberdades, tendo en conta a sensibilidade que iso desperta na cidadanía actual.

Esta campaña agresiva e desinformativa comezou de xeito progresivo anos antes das eleccións autonómicas. E desde aquela Xunta ninguén se defendeu como compría, nin siquera cando durante a campaña se adiviñaban dificultades para a reedición do bipartito. Os cargos daquela Xunta, instalados nun autismo, víanse de maneira inxenua como gañadores e por riba do ben e o mal, renunciando a baixar as veces que fosen necesarias á cancha do Parlamento e dos medios para defender a súa xestión e dar réplica ás acusacións. O mesmo PP galego, sen un programa serio para a crise, sorprendeuse co seu éxito electoral. Esta estratexia de confusión, que lle deu tan bos resultados, síguena praticando, e abofé que seguirán para conservaren o poder alcanzado e ocultaren a súa carencia de solucións.

Cando a maioría social non é ultraconservadora, o PP sabe que só é capaz de gañar calquera proceso electoral se consegue a desmobilización e o abstencionismo de boa parte dos cidadáns que votarían a outras opcións políticas, mesmo con infundios. Esta estratexia aplicada polas organizacións políticas máis progresistas nunca tería idénticos resultados, pois o electorado conservador sempre foi máis refractario ás críticas e acusacións que se lle puidesen realizar aos seus dirixentes políticos por posíbeis irregularidades.

As coñecidas estratexias do gurú de Bush, o astuto, mentireiro e tramposo Karl Rove, estanse aplicando na política peninsular desde hai tempo, impedindo o coñecemento e a análise seria e rigorosa dos programas políticos e do seu cumprimento. Búscase a destrución da imaxe do adversario político por calquera medio, agás unha crítica racional e clarificadora das propostas partidarias. Ante iso, ás organizacións progresistas só lles cabe actuar con coherencia aos seus principios ideolóxicos, cunha ética impecábel como máximo valor, defenderse e replicar, implacábeis, con contundencia, a cada unha das acusacións que se lle realicen —mesmo xudicialmente— nos distintos medios de comunicación.

# Buscando milagres

MIGUEL SUÁREZ ABEL



DEIXOUNO dito Vicente Ferrer: os milagres non veñen á casa, hai que saír a buscalos. E aínda buscándoos… xa sabemos o que pasa, que son escasos e, agás algún ben promovido que se nos fixo vistoso no imaxinario infantil, pouco eficaces. Haberá, entón, tal e como se presenta o momento actual, que pensar en saír ás encrucilladas. Por máis que se analiza a situación, tanto económica como moral e política, todo vén a darlle a razón a Bericat cando di que: «O mundo que alumeou a Ilustración, a Revolución francesa e a Revolución industrial está esgotado. A superprodución e a superabundancia material en estructuras de grande desigualdade social carecen de sentido. Hai que repensar moitas cousas, construír outra sociedade».

Pero quen? No comezo do século, xa na década final do pasado, estendeuse unha teima coa inutilidade da xeración de mozos actuais. Catalogados como xeración de adultescentes, incapaces de saír da comodidade do fogar, afeitos ás liberdades e praceres do gañado polos pais, sobreprotexidos polo Estado e polas familias, agora vistos coma nin traballadores nin estudantes, sen proxectos, resignados, creamos o mito dunha mocidade inútil, chea de fastío, incapaz de loitar por superarse. Eu mesmo contribuín, na miña modestísima capacidade de influencia, con varios artigos nesta liña argumental a este estado de opinión. Pero se cadra convén deterse, mirar a modo e cara dentro.

Nunha entrevista, o columnista Enric González deixaba caer esta reflexión: «A xeración actualmente hexemónica (entre os 40-65 anos) é a máis egoísta, frívola e cínica de tódolos tempos. Non somos capaces de ceder nin un milímetro en favor dos que veñen detrás». Non sei se de tódolos tempos, pero segurísimo que si é frívola, egoísta e cínica. ¿Foron os xoves que se prepararon tal e como se lles ordenou desde as estructuras universitarias os causantes da fragmentación, fraxilidade e debilidade intelectual do momento? ¿Son os mozos os que, por mil euros ó mes —despois de se preparar, tal e como se lles aconsellou, en idiomas, informática, economía, ciencias ou tecnoloxías—, causaron este desaxuste económico? ¿É a mocidade que bebeu da hipocrisía, frivolidade, fastío e frustración dos seus adultos, os culpables de non se alimentar de modelos diferentes? ¿Foron eles os que aprenderon da nada a inutilidade ou desprestixio de determinados valores?

A cantilena de que a xeración hexemónica traballou duro, esforzouse pola democracia, loitou por progresar e mellorar, mantense en parte. Esa mesma xeración foi a encargada de abandonar os seus ideais para transmitirlle un pragmatismo e realismo, non precisamente máxicos, ós seus fillos. A mesma que se acomodou na concesión á corrupción, a rebaixar as esixencias e venderse por pratos mediados de lentellas. Probablemente os que agora non cedemos nin un milímetro, os que permanecemos orgullosos analizando o pasado e o futuro, os que nos permitimos xulgar sen remorsos a indolencia e fraxilidade da xeración á que lle demos o leite de mamar, non sexamos o suficientemente honestos coma para recoñecer que perdemos a humildade de recoñecer que nos equivocamos no miolo da transmisión.

O mesmo Enric, preguntado sobre como pensa el que se debe educar a un fillo, con gran temor, coma pisando ovos e sen atreverse a nada, insinúa que con un chisco de disciplina, moita liberdade, unha morea de libros e unha cantidade desaforada de cariño. Con idénticas reservas —saber educar fillos non se aprende en Harvard— coincido na receita e nas doses. ¿Por que nos esquecemos da disciplina? ¿Esquecémola por nos dar un gusto contra o exceso da que nós recibimos? ¿Como manexamos a liberdade? ¿E os libros? ¿Que fixemos co tempo de lle lecer, de ler xuntos, de compartir entusiasmo, de gozar a un tempo de páxinas e curiosidades? ¿Non desperdiciamos se cadra cantidades enormes de cariño en trapalladas, adornos sociais, variedades de ocio impostas, máquinas para que nos deixasen tempo, enredos que os illaron e fixeron máis escépticos respecto dos nosos empeños e esforzos? ¿Non proxectamos nós os modelos educativos, os heroes nos que se mirar? Desta crise sairemos distintos. Mellor saír ó camiño na busca do milagre. Pero non convirá esquecer que ningún cambio se realiza só dende a visión, prexuízo e rémoras da xeración hexemónica. A mocidade, por máis que a visualicemos sen proxecto, haberá de ser que vaia diante, aínda que sexa ás apalpadas, abrindo o camiño do milagre. Haberemos de cederlle a eles responsabilidades, non un milímetro, quilómetros. Ou o milagre tardará demasiado.

**PAREJA**



EL PUNTO JE

JOSÉ DE CORA



# Los mil kilos

EL AGUJERO que se encontró Patxi López en las áreas de Gobierno es equivalente a la cláusula de rescisión de Cristiano Ronaldo, mil millones de euros. Nada extraordinario en los tiempos actuales, como demuestra que no se haya oído bramar a los vascos más allá de lo que se acostumbra cuando llueve.

Los términos macroeconómicos deben tener en cuenta estas nuevas cantidades que comienzan a ser de uso corriente. Por ejemplo, en el caso de López también podría decirse muy finamente que sus antecesores en la lehendekaritza ficharon a diez Ronaldos que actualmente no se saben dónde están, ni en qué equipo juegan.

Para ahorrar saliva y contribuir así a rebajar la crisis, esa cantidad tan repetida estos días de los mil millones de euros debería ser conocida como un ronaldo. De esa forma diríamos: «A López le falta un ronaldo en las cuentas». O bien: «El Gobierno USA presta ocho ronaldos a Ford, Nissan y Tesla». No sólo se acaba antes la frase, sino que también se logra un efecto tranquilizador, porque al ciudadano siempre le parecerá que pierde menos si le roban un ronaldo, que si son mil millones de euros. Y ya no digamos si traducen la cifra a 166.000.000.000 de pesetas.

Con ese dinero se podría construir un agujero en Guernica que saliese por Nueva Zelanda. No sabemos para qué, pero se podría. Hoy los auténticos millonarios no lo son hasta que tengan un ronaldo en el bolsillo. El ronaldo, la moneda para los tiempos de crisis.

El chico se lo ha ganado. Él y sus distinguidos predecesores onomásticos, Ronaldo Nazario de Lima y Ronaldinho Gaucho, han sentado las bases para que los mil millones lleven su nombre; como los billetes de mil pelas llevaron el de lechugas, y la moneda de cinco, el de duro.

Los tiempos cambian y las dimensiones también. ¿Qué es eso de un duro? ¿Acaso tres céntimos de euro?




# Os cen mellores (I)

A TECELÁ EN OUTONO

MARICA CAMPO



PASARON xa moitos anos desde que o profesor Alonso Montero publicara en Edicións Celta de Lugo o libro titulado 'Os cen mellores poemas da lingua galega' (1ª edición febreiro de 1970). A antoloxía recolle textos escritos a partir do século XIX escolmados baixo criterios temáticos. Da boa acollida do libro dan fe as sucesivas edicións (polo menos cinco nunha década, o que non está mal se temos en conta os tempos que corrían para o galego). Como todas as antoloxías, reflicte o gusto de quen a fixo. Eu subscribo, neste caso, moito da escolla feita polo que daquela era profesor en Lugo. Aínda así, coido que o título do libro sería máis veraz de non ter obviado a lírica medieval.

Facer a día de hoxe unha antoloxía semellante —cen e soamente cen poemas— sería un labor ben máis arduo. Non hai que esquecer que somos quizais, como se ten dito, o país do mundo con máis poetas por metro cadrado. A eclosión de títulos de poesía nas case catro décadas transcorridas desde a aparición do libro deu como resultado un número superior a todos os publicados con anterioridade. Se ben é certo que hai bastante ganga como en calquera literatura, tampouco se poden negar os momentos diamantinos que alcanzaron algúns autores e autoras actuais. Non sería doado desbotar a meirande parte dos que figuran na escolma nin prescindir dos novos. Desde logo que sorprendería que a estas alturas non figurasen máis que tres mulleres, tal como acontece na de 1970. Rosalía —o contrario sería inexplicábel—, Pura Vázquez e María Mariño, por méritos tamén. Non é que houbese moitas máis mulleres editadas, pero Luz Pozo e Xohana Torres xa tiñan publicacións en galego. Sería difícil, na actualidade, non atopar entre os seus poemas un dos cen mellores.

Se eu escollese, ademais doutros medievais, incluiría, sen dúbida, un de Joam Rodriguez de Castelo Branco, da escola galego-portuguesa, que figura no Cancioneiro Geral de Resende. Permítome adaptalo á norma galega actual, se cadra nun discutíbel labor de aproximación: "Señora, parten tan tristes/ meus ollos por vós, meu ben,/ que nunca tan tristes vistes/ outros ningúns por ninguén.// Tan tristes, tan saudosos,/ tan doentes da partida,/ tan cansados, tan chorosos,/ da morte máis desexosos/ cen mil veces que da vida.// Parten tan tristes os tristes/ tan fóra de esperar ben,/ que nunca tan tristes vistes/ outros ningúns por ninguén". Ten a beleza da contención a expresar, sen embargo, un sentimento desbordado.

E, de Cunqueiro, «Reconecemento de Harold Godwinson», de 'Herba aquí ou acolá'. O autor está presente na antoloxía de Alonso, mais este libro publicouse en 1980 e por iso sería imposíbel que figurase nel. O poema, lírico-narrativo-dramático, é de tal forza e beleza que manca. Se eu fose quen de canonizar, declararía só por este, aínda que o podería facer por moitos outros, que o de Mondoñedo é o mellor poeta do século XX no Estado español.

# Reforma laboral

ABEL B. VEIGA COPO



PROFESOR DE DERECHO EN ICADE

Más flexibilidad sí, pero hasta dónde medirla y con qué límites es un interrogante que hay que contestar y revisar

MÁS TARDE o más temprano la reforma llegará. Quién y cómo se miden los tempos y la oportunidad de los mismos es a la postre una decisión política, el riesgo político. Esperemos que al menos, cuando llegue, sea eficaz, certera, y sobre todo, justa y equilibrada. Ni Gobierno ni sindicatos quieren oír hablar de la misma. Niegan, como han hecho desde hace tiempo, la evidencia, la premisa mayor. Del papel de los sindicatos mejor no opinar. Precariedad y desempleo. Cifras terribles, terroríficas. Producción paralizada, y lo que es peor, una sensación de no saber qué hacer, cómo hacer y para qué hacer presiden todos los resortes de la economía. La morosidad empresarial empieza a ser alarmante y las expectativas más pesimistas de la OCDE no dejan de cumplirse unas tras otras. Este es el escenario de la realidad, pesimista y poco esperanzador.

No hay soluciones mágicas, tampoco taumatúrgicas. Nunca las ha habido. Nada se soluciona de la noche a la mañana pero bien es cierto que la inacción, la pasividad y el no saber qué hacer ahondarán la ciénaga. Sorprende que el último en pronunciarse sobre la necesidad de una reforma laboral en nuestro mercado, y que sintetiza en abaratar el despido y moderar los salarios sean el presidente del Banco Central Europeo, Trichet, el mismo que fue incapaz de prever y ver el embate agresivo y no sorpresivo de la crisis financiera. El mismo que callaba ante una feroz especulación o la escandalosa retribución de directivos y consejeros en su sector. El mismo que busca culpas ajenas y no internas. El mismo que ve con buenos ojos el auxilio del Estado a las entidades de crédito, con miles de millones de euros en crédito, avales o compra de tóxicos, otra cuestión es no respetar las reglas de la competencia y la eficacia, amén de eficiencia de aquellos otros bancos o entidades que no se han visto compelidos a acudir a esta ayuda. Es tiempo de soluciones, y también de profetas y tahúres de esas mismas soluciones. Dejemos tiempo al tiempo, entre otras cosas al estudio y la reflexión para hallar realmente políticas de choque efectivas. Precisamente de lo que no ha habido hasta el momento.

El actual modelo laboral está agotado, en crisis, es deficiente. Las cifras son su mejor exponente. Población activa y desempleada, no hacen falta otras. La precariedad no es tolerable, ni per se es mejor que el propio paro, es un simple parche. Más flexibilidad sí, pero hasta dónde medirla y con qué límites es un interrogante que hay que contestar y revisar.

Tres son las reformas que gobierno y oposición, mejor al consuno que no individualizadamente deben acometer, reforma financiera con grandes modificaciones estructurales, reforma fiscal y reforma laboral. Del acierto, del grado de consenso y calado de las mismas y el impacto depende la efectiva salida de nuestro sistema económico de una crisis que empieza a devorar los cimientos del mismo. El milagro español definitivamente ha fenecido. No es tiempo de espejismo, tampoco de más vaguedades e irresponsabilidad.

**LÓSTREGOS**

FRUÍME

# Un problema

HAY SÓLO trabajadores del metal en los altercados en la calle en Vigo? ¿Sirve a los intereses económicos de Vigo y de Galicia la paralización de la actividad productiva en Citroën? A esta cuestión la respuesta es claramente negativa. Sobre la primera, quién se mueve en los altercados, sería de interés general para Galicia saber qué sucede y quién activa las acciones violentas. Lo que parece claro es que al momento económico no se responde con la demostrada incapacidad para negociar y pactar que transmite el conflicto del metal en Vigo. El daño, a presente y a futuro, trasciende al propio sector. Manifiestos y firmas están fuera de lugar.

**LA PUNTILLA**

RAMÓN PASTRANA

# Va de peces

VA DE PECES, de peces chicos y peces grandes. Nuevamente el pez chico se ha comido al grande, Estados Unidos ganó a España en la Copa Confederaciones, contra todo pronóstico y sin que acertaran las casas de apuestas.

Dicen los futboleros que nunca el que gana la Copa Confederaciones gana el Mundial: el que no se consuela es porque no quiere.

La lástima es que un triunfo como el de Estados Unidos, según dicen los que de eso entienden, no va a servir para que el deporte del balompié se haga fuerte en uno de los países más fanáticos de los deportes del mundo.

# CARTAS

El Progreso agradece las cartas de sus lectores. Deben figurar el nombre y la dirección de los remitentes, así como su DNI y un teléfono de contacto. La extensión no debe sobrepasar las 20 líneas. El periódico se reserva el derecho de resumir y extractar su contenido y publicar aquéllas que considere oportuno. No se informará sobre las cartas que se reciban. Se pueden enviar por:

✉ CORREO POSTAL: **El Progreso. Cartas al Director.** C/ Ribadeo 5, 27002 LUGO.

CORREO ELECTRÓNICO: **cartasdirector@elprogreso.es**

## Réplica de sindicatos de la Policía Local

Nos dirigimos a la Dirección de ese medio para solicitar la rectificación de las noticias publicadas en relación con el registro de la Jefatura de la Policía Local de Lugo, realizado por la magistrada-juez del Juzgado de Instrucción número 3, en la tarde del día 23 del presente mes, toda vez que la mayor parte del contenido de las mismas no se ajusta a la verdad, y que, por ello, supone mancillar la honorabilidad y dignidad de este Cuerpo policial y todos sus componentes. Ello es así porque la forma de ofrecer la información conculca el derecho a la presunción de inocencia del que han de gozar todos los miembros del citado Cuerpo, celebrándose 'a priori' un juicio paralelo, por parte de ese medio de comunicación, dando por supuestos ciertos extremos que, de ser ciertos, estarían vulnerando el secreto sumarial que rige en estos momentos en la investigación judicial, y, de no serlo, constituirían una serie de afirmaciones calumniosas e injuriosas hacia todos los miembros de la Policía Local de Lugo, de las que, en su caso, habrían de responder sus autores; obviando el informador que de la referida investigación judicial, una vez avanzada, podrá resultar, o no, alguna persona imputada; momento en el cual el grave daño moral que se está causando al resto de los agentes de policía, a sus familiares y allegados, ya será irreparable.

Nos resultaría difícil realizar una relación pormenorizada de todas las afirmaciones y suposiciones que entendemos no ajustadas a la realidad o cuando menos, no demostrables objetivamente, por tratarse, como queda dicho, de casi la totalidad de la información vertida, aunque sí le avanzamos que existen algunas de mayor gravedad y que entendemos que han nacido únicamente de informaciones de procedencia interesada y que únicamente persiguen fines sensacionalistas, con objetivo de menoscabar la imagen de la Policía Local de Lugo y de todos sus componentes, probablemente para intentar influir en el conflicto laboral en el que dicho Cuerpo se ve sumido desde hace tiempo, como ese medio ha hecho ya en numerosas ocasiones, mediante amplios artículos subjetivos y de opinión publicados al respecto.

Les instamos a que la rectificación solicitada se realice de forma inmediata y con la amplitud necesaria, que tendría que ser proporcional a los artículos de prensa publicados en su diario durante los días 24 y 25 del presente mes; solicitando también que, a partir del día de la fecha, se finalice con la publicación de informaciones que sigan abocando a los miembros de la Policía Local a extremos de salud difícilmente sostenibles.

En el caso de no ser atendidas estas pretensiones, se ejercitarán las acciones legales que procedan.

**José Manuel Niño Pérez, representante de CSIF en la Policía Local, y José Reboredo López, representante de CC.OO.** Lugo




## Carretera Moncelos-Abadín

Con respecto a la noticia de El Progreso de 22 de junio sobre la carretera Moncelos-Abadín L-113, en la cual se dice que se modifica el trazado porque afecta a un molino en Corvite, cabe decir que es verdad que afecta a un molino pero además afecta a varias viviendas que quedan prácticamente metidas en la carretera, y me parece muy bien que se haya hecho esa modificación pero pido que se realicen las otras modificaciones que quedan pendientes y que se pueden hacer con mucho menos coste que esa modificación.

Lo que dicen sobre que las viviendas dificultan la mejora del trazado es mentira y estoy dispuesto a demostrarlo por lo que pido una revisión del trazado y que se haga antes de malgastar más dinero público por falta de sensibilidad sobre todo con las personas mayores que están sufriendo las consecuencias de un proyecto mal gestionado. Espero que haya una revisión del proyecto en general, se lo pido por el bien de todos y por la seguridad de las personas que padecen el desastre que se está cometiendo. No me sirven disculpas, quiero hechos y se lo pido al nuevo presidente señor Feijóo.

**Jesús Cabana.** Corvite (Abadín)

# Apoteosis Rajoy

**CRÓNICA PERSONAL**

PILAR CERNUDA



HA PREPARADO el acto del sábado en Valencia para que sea la apoteosis, y tiene motivo para sentirse satisfecho por cómo han transcurrido las cosas desde que celebró el congreso en esa ciudad hace un año; el PP ha tenido resultados muy buenos en las dos elecciones celebradas estos meses, no se cuestiona el liderazgo de Rajoy, han acallado las voces críticas, se ha asentado la idea de que Rajoy puede ganar las generales a un Zapatero en declive, y además ha quedado atrás el 'cordón sanitario' de la primera legislatura: no hay grupo parlamentario con el que el PP no pueda llegar a algún tipo de acuerdo para votar determinadas iniciativas siempre que no se choquen con el programa o los planteamientos del partido. Es el PSOE el que encuentra más dificultades para encontrar apoyos, lo que evidentemente favorece a Rajoy.

Valencia, llega la hora de hacer balance en Valencia. Pretende la cúpula del PP que la celebración suponga el no va más de Rajoy. Sabe ya qué mensajes quiere transmitir en su discurso. Uno, que a partir de ahora y hasta que se celebren las generales el PP va a presentar sus alternativas al Gobierno. La primera legislatura ha sido de crítica al Gobierno, pero llega el momento de presentarse como una posible opción de futuro. Segundo mensaje: el PP está en condiciones de pactar y negociar con cualquier partido, y de hecho lo está haciendo. Este jueves, sin ir más lejos, ha votado en el Congreso de los Diputados lo mismo que ERC respecto al techo presupuestario. Y lo ha hecho sin complejos. La cosa pinta por tanto bien… pero hay un escollo en el camino. Se llama Luis Bárcenas y no hay un solo miembro de la dirección del PP que, sotto voce, sin micros ni bolígrafos, defienda al tesorero del partido. Esta periodista lleva un mes diciendo que tendría que haberse ido, pero evidentemente Rajoy no compartía esa idea. Que se ande con cuidado, porque ya no se trata sólo de quien esto escribe, sino que son multitud los dirigentes del PP que afirman que Bárcenas tendría que poner su cargo a disposición de Rajoy y que si no lo hace, debe ser cesado. Así de claro lo dicen, aunque no se atrevan a repetirlo ante un Rajoy que parece haber perdido la perspectiva política cuando se aferra en su defensa de Bárcenas. Porque hay algo más: empieza a cundir la especie en el PP de que si Bárcenas no se va ni es cesado, es porque tiene agarrado a Rajoy por donde más duele. No lo piensa esta columnista, que tiene a Rajoy por hombre decente e incapaz de cometer una irregularidad financiera, pero que se ande con ojo al apoyar a quien se ampara en la famosa presunción de inocencia para no hacer lo que demanda el prestigio de su partido. Además, si es inocente ¿por qué no da la cara y explica públicamente sus cuentas y el origen de su patrimonio?